


XUÑO 2023

AS NOSAS COUSAS



A revista do CEIP do CORGO

Xornal Escolar. Edición fin de curso 2022/2023 do
CEIP Plurilingüe do Corgo.





**Tedes nas vosas mans, ou mellor,
nas vosas pantallas a versión dixital
da revista do Colexio Plurilingüe do Corgo,
unha revista na que se recollen algúns dos
momentos máis salientables vividos
ó longo deste curso 2022-2023.**

**Non están aquí todo o que fixemos
durante o curso pero sí hai unha boa mostra
das actividades que levamos a cabo conxuntamente
entre tódolos membros da nosa Comunidade
Educativa.**

**Deste xeito quedará nestas imaxes reflectivo
o ben que o pasamos aprendendo e desfrutando no
noso colexio.**

Unha aperta moi grande para tod@s !.



**Elaboración: Manuel (Equipo Normalización e Dinamización Lingüística).
Colaboradores: Profesorado e alumnado do CEIP do Corgo.
Pili: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e Directora.**



4° de Infantil



5° de Infantil



6° de Infantil



1° de Primaria



2° de Primaria



3° de Primaria



4° de Primaria



5° de Primaria




6º de Primaria



Tódol@s alumn@s do colexio !!!



Día das Linguas



O 26 de setembro, día Internacional das Linguas celebramos a **multiculturalidade e a diversidade lingüística** como unha das principais características do noso colexio.



Halloween



O Magosto deportivo



O Magosto deste curso xiróu en torno ó deporte, así que as nosas castañas puxéronse a facer todos os tipos de deportes imaxinables... e despois os alum@s participaron en diferentes actividades deportivas.



Non a violencia de xénero.

25 N



1º Educación Primaria



Día da Paz



Paneis decorativos dos países de cada un dos últimos premios **nóbeles da paz, corazóns cheos de amor e paz, e máis carteis para desexar o fin da violencia...**



Día da Paz



Nada mellor, no día da Paz que adicar poemas ós amigos, como fixeron os alumnos de 6º de Primaria...



O Entroido




Chegou o Entroido e festexámolo polo grande, con disfrazes moi orixinais e coloridos, desfilando e actuando no patio do colexio.

O Entroido



Día de Rosalía



Rosalía, a máis destacada das escritoras galegas ten un día especial adicado á súa persoa. Antes era o 24 de febreiro, dende o ano pasado é o 23 de febreiro.



Día da muller traballadora



**Na aula de 3 anos
conmemoraron o día
Internacional da muller
cunha pequena
investigación sobre
mulleres importantes
da Historia.
Os alumnos doutros
cursos de primaria
elaboraron
un cartel coas fotos
das alumnas do centro
reivindicando
a igualdade entre
nenos e nenas.**



Día das Letras Galegas



O autor homenaxeado este ano é o intelectual e escritor Francisco Fernández del Riego que naceu en Vilanova de Lourenzá, na provincia de Lugo e que traballou en Madrid, Santiago de Compostela e en Vigo, cidade na que morreu.

Foi precisamente él quen impulsou o nacemento desta conmemoración que é o *Día das Letras Galegas*.

No colexio fixemos lecturas das súas poesías, un vídeo-resumen sobre a súa figura, unha obra de teatro sobre él realizada polos alumnos de 6º, coloreamos imaxes del ,e intentamos coñecer os seus oríxes e a súa loita en prol do galego.

Plástica - extraescolar



Como actividade extraescolar, este curso contamos, entre outros, con un taller de Plástica que impulsou a creatividade do alumnado do centro.

Aquí tedes algúns dos seus debuxos, pero fixeron unha morea de actividades moi orixinais e creativas...



Alimentación...



**Durante este curso
tuvimos clases sobre
hábitos alimenticios
a cargo dunha especialista
en alimentación.
Houbo talleres no primeiro e
no tercer trimestre do curso.
Aprendimos qué debemos comer
en cada estación e moitas cousas máis !!!**



...mais saudável.



**Aprendimos tamén
qué alimentos
podemos
tomar fronte a
outros
productos
comerciais
que teñen
demasiadas
grasas e azúcares.**



Teatro.



Co gallo do día das Letras Galegas, no que este ano conmemoramos a figura de Francisco Fernández del Riego, os alumnos de 6º fixeron unha representación dunha obra teatral para todo o colexio, na que afondaban na súa traxectoria humana e artística.



Formigas...



**Xa no mes de Maio,
visitamos o fogar
dunhas formigas
moi traballadoras
en Outeiro de Rei...
e acompañáronnos
os alumnos de prácticas
de Maxisterio...**




Visita ó Museo



**O 21 de Abril
fixemos unha visita
moi interesante ó Museo
Provincial de Lugo...**



Qué é a mel?



O 2 de Marzo viñeron a explicarnos cousas moi interesantes das abellas.

Cómo fan as colmenas, cómo entran nelas, cómo se organiza e moitas outras curiosidades...



Seguridade Vial.



Hoxe, 13 de abril, tivemos a visita dun axente de tráfico e dunha traballadora da Xefatura de Tráfico de Lugo que estiveron formando tanto a alumnos como a profesores sobre o comportamento que debemos ter dentro dos vehículos e nas rúas (cando imos en bicicleta, a pe...) para evitar posibles situacións perigosas.



Visita ó Gadis do CEAO



No Gadis do CEAO, recibimos unha explicación sobre boa parte dos alimentos que consumimos habitualmente.



Escalando...




**Escalando no Rocódromo
despois da visita ó Gadis do
CEAO onde recibimos unha
explicación sobre alimentos e
alimentación...**

**Programa Educativo para fomentar a
alimentación saudable, actividade
física e o consumo responsable.**

**Xa sabíamos que est@s nen@s
chegarían moi alto !!!**



Outras actividades



Durante o curso realizáronse diferentes paneis con contido educativo. Aquí tedes dous moi interesantes: Un sobre Corpos xeométricos que realizaron os alumnos de 6º de Primaria e o panel sobre Roma que fixeron os alumnos de 3º de Primaria xunto con Pili a súa titora.





Un debuxo dos alumnos de 4º de Infantil...



e o seu Súper Panel...

O alumnado de 1º criou o seu universo



E mais...



Aquí tedes a tódolos alumnos de Primaria descansando dunha actividade anterior e preparándose para escalar no **rocódromo** e abaixo saltando a pé manco nunha das actividades do **Magosto deportivo**...





A Graduación.



E chegou o momento no que toca cambiar de curso (como os alumnos de 6º de Infantil que pasarán o vindeiro curso a Primaria) ou, o que é máis triste para todos, cambiar de centro.

Houbo momentos moi emotivos, tanto para os alumnos como para os profesores porque a meirande parte dos alumnos de 6º estiveron os seus últimos 9 ano aquí...

Pero como explicou Pili, a directora, a vida é así e agora comezarán unha nova etapa como todos tivemos que facer nalgún momento.

Moita sorte para todos !!!




Comedor Escolar



E non podía faltar nesta revista a mención a algo tan importante no día a día do noso colexio como é o **Comedor Escolar e a esas dúas magnificas profesionais que tódolos días nos dan de comer: Ana e Marisol. Aquí están un pouco máis relaxadas, pero non vos enganades, que eso foi só despois de darnos de comer e deixar todo listo para o vindeiro curso escolar. Moitas grazas polo ben que nos alimentades a tod@s !!!**

Ata logo Montse!



**Moitas grazas tamén a Montse que se nos vai para outro colexio despois de pasar 7 anos (que non é pouco) con nós no CEIP do Corgo.
Ímoste botar todos moitísimo de menos.**

Intentaches ensinarnos a todos (profesores e alumnos) cómo comunicarnos mellor coas persoas con discapacidade auditiva e moitas outras cousas.

A túa simpatía, compañerismo e bo facer déixanos o corazón cheo de moi bos momentos.

E esperamos que quizás, cando menos o pensemos, volvamos a estar xuntos.

Unha gran aperta !!!





Bo verán !!!



E aquí despedímonos.

Como vos dixemos ó comezo da revista, non están aquí tódalas actividades realizadas ó longo do curso, así que recomendámosvos que lle botedes unha ollada [á web do colexio](#) se queredes saber máis sobre as actividades que se desenvolveron ó longo deste curso.



Alí atoparedes fotos, vídeos e presentacións que poderedes ollar con máis tranquilidade agora que xa non hai exames, nen as presas que temos normalmente durante o periodo escolar.

Olládeas e non vos preocupedes, que en setembro volveremos a vernos.

Mentras tanto, desexámosvos que teñades un moi

Bo verán !!!

